

Sermón na catedral de Washington¹

Reverenda Mariann Edgar Budde²

Que as miñas palabras e a meditación dos nosos corazóns sexa agradábel aos teus ollos, oh Deus, porque ti es a nosa forza e o noso Redentor. Amén. Por favor, senten.

Mais unha vez, a miña calorosa benvida para todas as persoas que se reuniron nesta Casa de oración e para aquelas que se xuntan a nós a través da transmisión en directo.

Como país, entanto que pobo e nación, reunímonos esta mañá para orarmos pola unidade, non para buscar un acordo, político ou doutra índole, senón para orarmos por aquela clase de unidade que promova a comunidade por riba da diversidade e da división, unha unidade que sirva o ben común. A unidade, neste sentido, é un requisito fundamental para que, nunha sociedade libre, as persoas vivan xuntas e en liberdade. É a rocha sólida de que falou Xesús, sobre a cal, no noso caso, poidamos construír unha nación.

Non é conformidade. Non é vitoria. Non é cansazo cortés ou pasividade nacida do fastío. A unidade non é partidista, é máis ben un xeito de estarmos en comunidade acollendo e respectando as nosas diferenzas, un xeito de estarmos que nos ensine a considerar válidas e dignas de respecto as diversas

¹Reproducimos, traducido ao galego, o sermón que a bispa de Washington pronunciou o pasado 21 de xaneiro durante o acto interrelixioso de oración que é tradicional celebrar após cada toma de posesión dos presidentes dos Estados Unidos. Nel dirixiuse directamente ao presidente Trump pedíndolle misericordia para as persoas inmigrantes e marxinalizadas por outras causas. Lonxe de sentirse concernido pola petición, Donald Trump desprezou, na súa rede social, a Budde como "pretendida bispa" e o congresista republicano Mike Collins afirmou que Budde (que é cidadá norteamericana) debería ser deportada. O pastor evanxélico Robert Jeffres condenou a bispa por ter "insultado en lugar de encoraxar o noso grande presidente". En *Encrucillada* consideramos a acción de Mariann Budde un acto de valentía que non é corrente desde unha instancia eclesiástica, apreciamos e agradecemos a súa voz profética e o seu ton mesurado na defensa da verdade evanxélica e solidarizámonos coa súa persoa ante as ameazas que está a recibir após a súa interpelación.

²Mariann Edgar Budde é unha prelada norteamericana da Igrexa episcopal, bispa de Whashington desde 2011.

perspectivas e experiencias vitais, que nos permita coidar xenuinamente uns dos outros, nas nosas comunidades e nos corredores do poder, mesmo cando discordamos.

En todo o noso país, aqueles que dedican as súas vidas ou que traballan como voluntarios con ocasión dalgunha catástrofe natural —moitas veces con grande risco para si mesmos— nunca preguntan a quen están a axudar por quen votaron nas eleccións pasadas ou que postura adoptan sobre un asunto concreto. Ofrecemos o mellor de nós cando seguimos o seu exemplo. Porque a unidade, por veces, é sacrificada como o é o amor, unha entrega de nós mesmos en prol do outro. No Sermón da montaña, Xesús de Nazaré exhórtanos a amar non só os nosos próximos, senón tamén os nosos inimigos e a orar por aqueles que nos perseguen e a sermos misericordiosos como o noso Deus é misericordioso, a perdoar os outros como Deus nos perdoo a nós. E Xesús esforzouse por acoller aqueles que a súa sociedade consideraba marxinais.

Concordo con vós en que a unidade, neste sentido amplo e extenso, é unha aspiración e algo polo que compre rezar moito. É unha grande petición do noso Deus, digna do mellor de nós e do mellor que podemos ser. Mais non podemos esperar moito das nosas oracións se actuamos de tal xeito que profundemos aínda máis nas nosas divisións. As nosas escrituras son moi claras no tocante a isto: Deus nunca se conmove coas oracións cando estas non orientan os nosos actos. E tampouco Deus nos libra das consecuencias dos nosos actos que, en última instancia, son sempre máis importantes do que as palabras con que oramos.

Os reunidos aquí, na catedral, non somos inxenuos acerca da realidade política na están en xogo o poder, a riqueza e os intereses concorrentes; na que hai diversas concepcións sobre como deben ser uns Estados Unidos en conflito, na que hai opinións firmes —nun espectro de posibilidades e

interpretacións marcadamente diferentes— sobre cal pode ser o camiño certo a seguir. Haberá vencedores e vencidos. É evidente que cando nunha democracia se vota, cando se toman decisións que definen o rumbo das políticas públicas e a prioridade dos recursos, non poden ser acadadas as esperanzas e os soños de todos nunha determinada sesión lexislativa ou nun mandato presidencial, ou mesmo nunha xeración. É dicir, nin todas as oracións particulares, para aqueles que somos persoas de oración, nin todas as oracións colectivas serán respondidas do xeito que nos gustaría. Mais, para algúns, a perda das súas esperanzas e soños será moito máis do que unha derrota política; será unha perda de igualdade, de dignidade e dos seus medios de subsistencia. Bastará sabermos isto para facer posíbel unha verdadeira unidade entre nós? E por que nos debería importar?

Ben, espero que nos importe. Espero que nos sintamos concernidos porque a cultura do desprezo que se normalizou neste país ameaza con destruírnos. Todos somos bombardeados diariamente con mensaxes, daquilo que os sociólogos agora denominan complexo industrial da indignación, algunhas das cales proveñen de forzas externas cuxos intereses son promovidos por un país polarizado. O desprezo alimenta as campañas políticas e as redes sociais, e moitos están a lucrarse con isto. Isto é preocupante —é unha forma perigosa de liderar un país.

Son unha persoa de fe rodeada de persoas de fe e creo que, coa axuda de Deus, a unidade é posíbel neste país. Non perfectamente, porque somos persoas imperfectas e unha unión imperfecta, mais o suficiente como para que o creamos posíbel e traballemos para realizarmos os ideais dos Estados Unidos de América, ideais expresados na Declaración de Independencia, coa súa afirmación da innata igualdade e dignidade humanas. E temos razón en pedir a axuda de Deus entanto procuramos a unidade, pois precisamos da súa axuda; mais só se estivermos dispostos a coidar os alicerces dos que esa unidade depende —como na analoxía de Xesús sobre a construción dunha

casa de fe sobre a rocha das súas ensinanzas en contraste coa construción dunha casa sobre area. Os alicerces de que precisamos para a unidade deben ser suficientemente robustos para resistiren as moitas tempestades que a ameazan. Cales son, entón, eses alicerces da unidade?

Partindo das nosas tradicións e textos sagrados, permítanme que suxira que hai polo menos tres. O primeiro alicerce para a unidade é honrar a dignidade inherente a cada ser humano, que é, como todas as fes aquí representadas afirman, un dereito inalienábel de todas as persoas como fillos do noso único Deus. No discurso público, honrar a dignidade de cada un significa renunciar a ridiculizar, desconsiderar ou demonizar aqueles con quen diverxemos, optando, en vez diso, por debater respectuosamente as nosas diferenzas e, sempre que for posíbel, procurar un denominador común. E a dignidade exige que se non for posíbel chegar a un consenso nos manteñamos fieis ás nosas conviccións sen desprezarmos aqueles que teñen as súas propias conviccións.

En segundo lugar, un alicerce da unidade é a sinceridade, tanto nas conversas privadas como no discurso público. Se non estivermos dispostos a ser sinceros, non paga a pena rezar pola unidade, porque as nosas accións irán contra as nosas oracións. Poderemos experimentar, durante algún tempo, unha falsa sensación de unidade entre algúns, mais non a unidade máis sólida e alargada que precisamos para encarar os desafíos a que nos enfrontamos. Agora ben, para sermos sinceros, non sempre sabemos onde está a verdade, e actualmente hai moitos axentes a traballar contra ela. Pero cando o sabemos, cando sabemos o que é verdadeiro, temos a responsabilidade de dicir a verdade, mesmo e especialmente cando nos custa.

O terceiro e último fundamento da unidade que mencionarei hoxe é a humildade que todos precisamos, porque todos somos seres humanos falíbeis. Cometemos erros. Dicimos e facemos cousas das que nos

arrepentimos máis tarde. Temos os nosos puntos cegos e os nosos prexuizos. E talvez sexamos máis perigosos para nós mesmos e para os outros cando nos convencemos, sen sombra de dúbida, de que nós estamos absolutamente certos e de que os outros están absolutamente errados, porque entón ficamos a poucos pasos de nos considerarmos as persoas boas fronte ás persoas más. Porén, a verdade é que todos somos persoas. Somos capaces de facer o ben e o mal. Alexander Solzhenitsyn observou unha vez, sagazmente, que a liña que separa o ben do mal non pasa polos estados, nin entre as clases, nin entre os partidos políticos, senón que atravesa cada corazón humano, todos os corazóns humanos.

E canto máis nos apercibimos disto, máis espazo temos dentro de nós para a humildade e a apertura de uns para outros, por riba das nosas diferenzas, porque, de feito, somos máis parecidos do que imaxinamos, e precisamos uns dos outros.

É relativamente doado pedir a unidade en ocasións de grande solemnidade. É moito mais difícil caer na conta cando estamos a lidar con diferenzas reais nas nosas propias vidas e na esfera pública. Porén, sen unidade estamos a construír a casa da nosa nación sobre area. Emporiso, cun compromiso de unidade que incorpore a diversidade e transcenda o desacordo e cos sólidos alicerces da dignidade, a sinceridade e a humildade que esa unidade exige, podemos xogar o noso papel e acadar no noso tempo os ideais e o soño dos Estados Unidos.

Permítame facer unha última súplica, señor Presidente. Millóns de persoas depositaron a súa confianza en vostede e, como dixo onte á nación, sentiu a man providencial dun Deus amoroso. En nome do noso Deus, pídlle que teña piedade das persoas do noso país que están agora asustadas. Hai criaturas gays, lésbicas e transxénero en familias demócratas, republicanas e independentes, algunhas das cales temen polas súas vidas. Están as persoas

que recollen as nosas colleitas e limpan os nosos edificios de oficinas, que traballan nas granxas avícolas e nos matadoiros, que lavan a louza despois de comermos nos restaurantes e traballan nas quendas de noite dos hospitais. Poden non ser cidadáns ou non ter os papeis pertinentes, mais a grande maioría dos inmigrantes non son criminais. Pagan impostos e son bos veciños. Son membros fieis das nosas igrexas, mesquitas, sinagogas e demais templos. Pídlle que teña piedade, señor Presidente, daqueles que, nas nosas comunidades, teñen fillos que recean perder os seus pais e que axude aqueles que foxen de zonas de guerra e de persecución nas súas propias terras para encontraren compaixón e acollemento aquí. O noso Deus ensínanos que debemos ser misericordiosos co estranxeiro, pois todos nós fomos tamén estranxeiros nesta terra. Que Deus nos dea a forza e a coraxe para honrarnos a dignidade de cada ser humano, para dicírmonos a verdade con amor e para camiñarmos humildemente cos demais e co noso Deus para o ben de todas as persoas, para o ben de todas as persoas desta nación e do mundo.

Amén.

Mariann Edgar Budde
(Tradución de Xaime M. González Ortega)